


Daybreak Over the Ocean

Recensión: Alianza de Luís Valle

🕒 27 May, 2022 📁 Reseñas literarias 📖 Book review, Books, Libros, Literatura Galega, Poesía, Poetry, Reseña, Rinoceronte Editora



***Máis información na web de Edicións
Barbantesa***

É por todos coñecido que en Galicia temos unha gran tradición poética, e son moitos os nomes que todos coñecemos e admiramos; e unha das grandes vantaxes desta rica tradición é a de poder descubrir novos autores dos que queres ler todos os seus libros, e isto foi o que me ocorreu a min cando rematei de ler o poemario “***Alianza***» de **Luís Valle** e que podemos atopar publicado por **Edicións Barbantesa**.

Luís Valle é un poeta lucense, que ten publicados máis de dez poemarios se combinamos a súa produción en galego e en castelán, onde destaca a súa última publicación que é este libro que leva por título “*Alianza*”. Unha traxectoria de case vinte e cinco anos de carreira literaria, que foi recoñecida pola crítica en varias ocasións, como ben reflexan os premios recibidos: no 2008 o Premio de poesía Caixanova por *A caída*, no 2010 o Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón por *Fedor*, e no 2015 o Premio Lueiro Rey de poesía por *As cicatrices do Sol*.

En “**Alianza**” atopamos un total de cincuenta e oito poemas dedicados ao amor, poemas que a pesar da súa brevidade están cheos de reflexións que o poeta comparte cos lectores; e neste libro no que o amor o é todo, tamén a parella é un tema principal. Teño que recoñecer que me gustou moito a estrutura empregada polo autor, onde os poemas parecen que dialogan entre si, ademais de facelo co espazo que hai entre eles na propia páxina.

En definitiva, paréceme que “**Alianza**» de **Luís Valle (Edicións Barbantesa)** é unha proposta poética moi disfrutable, que nos fai pensar sobre un tema tan universal como é este que sempre se considerou un dos grandes temas da literatura. Eu pola miña parte espero seguir descubrindo a obra de Luís Valle, porque de verdade que me gustou moito este libro.